

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 1-6

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, ¿teríavos dito que vos ía arranxar un lugar? E cando vaia e vos arranxe un lugar, volverei e collereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabedes o camiño.»

Dille Tomé:

– «Señor, se non sabemos onde vas, ¿como imos saber o camiño?»

Xesús respondeulle:

– «Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min.»